

**PROTOCOLO DE ACTIVIDADES**

**EXTRAESCOLARES**

**E**

**COMPLEMENTARIAS**

**IES MAGE  
O CARRIL**



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

### XUSTIFICACIÓN

As actividades extraescolares e complementarias son unha peza importante da Programación Xeral Anual do centro. De cara a conseguir que o grande esforzo organizativo que requiren redunde nun óptimo desenvolvemento das mesmas semella axeitado:

1. Unificar procedementos organizativos básicos.
2. Establecer prazos nos que se poden realizar as actividades, especialmente en 2º de Bacharelato.
3. Fixar criterios para o financiamento das actividades extraescolares.
4. Precisar criterios que faciliten a coordinación da totalidade das actividades evitando queixas reiteradas, por exemplo aquelas que teñen que ver coa cantidade de horas lectivas empregadas para actividades que se realizan fóra do centro, ou a desproporción de actividades entre un grupo e outro.

### OBXECTIVOS

1. Fixar os requisitos e prazos que os departamentos deben cumprir para a realización das actividades.
2. Establecer un protocolo para a solicitude por parte dos departamentos que organicen actividades, que permita a súa planificación e a coordinación entre departamentos.
3. Maximizar o aproveitamento das saídas do centro, reducindo o número de horas lectivas que se perden como consecuencia das actividades que se realizan fóra do centro, facilitando que desde a Vicedirección se poda promover a coordinación das actividades e entre departamentos.
4. Establecer un protocolo para a realización de actividades, que regule os prazos, as tarefas que se deben realizar, os/as responsables e os formularios e documentos que hai que empregar.

### MARCO NORMATIVO

*Decreto 324/1996 de Regulamento Orgánico dos IES.*  
Art.28.c,59.b, 61 a 70, 96.h, 104.c, 112.g.

- **28.c.** É competencia da Vicedirección coordinar a realización das actividades complementarias e extraescolares, segundo as directrices aprobadas polo Consello Escolar.
- **59. b** (Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións 😊 ..... proporcionaralles no principio de curso ao alumnado e aos pais/nais información ... sobre as actividades extraescolares e complementarias previstas.
- **61.** Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

- **62.** Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar\*, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.
- **63.**
  1. O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.
  2. Este departamento estará integrado polo xefe ou xefa do mesmo e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma.
- **64.** O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares será o vicedirector ou vicedirectora nos centros onde exista este cargo; en caso contrario, desempeñará estas funcións un profesor ou profesora, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o director ou directora por proposta do xefe ou xefa de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica
- **65.**
  1. O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares será nomeado por un período de catro anos e cesará ó producirse algunha das circunstancias contempladas no artigo 76.
  2. O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares actuará baixo a dependencia directa do xefe ou xefa de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.
- **66.** O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares terá, entre outras, as seguintes funcións:
  - a) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
  - b) Elabora-lo programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
  - c) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
  - d) Proporcionar ó alumnado a información relativa ás actividades do departamento.
  - e) Promover e coordina-las actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a asociación de pais.
  - f) Coordina-la organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos e alumnas.
  - g) Distribuí-los recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de aportacións de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo Consello Escolar.
  - h) Organiza-la utilización da biblioteca do instituto.
  - i) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
  - j) Presentarlle propostas ó equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu contorno
- **67.** Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:
  - a) Aprobación do Consello Escolar\*.
  - b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos e alumnas que están baixo a responsabilidade paterna ou titor/a legal.
  - c) O alumnado será acompañado polo profesorado correspondente na proporción dun profesor/a por cada vinte alumnos/as.
- **68.** Os centros facilitarán e promoverán a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os seus representantes no Consello Escolar, na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares
- **69.** Os centros, coa aprobación do Consello Escolar, poderán establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios deberán ser autorizados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, director Xeral de Ordenación Educativa e Centros ou conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.
- **70.** As Administracións locais poderán colaborar cos centros educativos para impulsa-las actividades extraescolares e complementarias ...



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

- **96.h.** A programación didáctica dos departamentos incluíra as actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o departamento.
- **104.c.** (A programación xeral anual incluíra os seguintes documentos) Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
- **112.g.** (A xunta de delegados terá as seguintes funcións) Formular propostas ... ó xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas

\* As competencias do Consello Escollar foron modificadas na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE), polo que a lexislación anterior deberá ser lida dacordo con esta.

*Orde do 1 de agosto de 1997 sobre Instrucións para o desenvolvemento do R.O.C.*  
Art. 20 a 26, 55, 56, 66, 80.

- **20.** Segundo o establecido no apartado b) do artigo 66 do Regulamento orgánico o programa anual de actividades complementarias e extraescolares será elaborado polo xefe do departamento de actividades complementarias e extraescolares. A súa elaboración farase durante o mes de outubro, tendo en conta o disposto no dito apartado.
- **21.** O programa anual de actividades complementarias e extraescolares incluíra as relacións secuenciadas e temporalizadas de:
  - a) As actividades complementarias que vaian realizarse.
  - b) As actividades extraescolares de carácter cultural que se realicen en colaboración cos diversos sectores da comunidade educativa ou en aplicación de acordos con outras entidades.
  - c) As viaxes de estudo e intercambios escolares que se pretenden realizar.
  - d) As actividades deportivas e artísticas que se vaian celebrar dentro ou fóra do recinto escolar.

...
- **22.** Os aspectos económicos do programa anual de actividades complementarias e extraescolares serán recollidos, polo xefe do departamento de actividades complementarias e extraescolares, nun anteproxecto económico do departamento, que constará de dúas partes. A primeira fará referencia ó período inicial do curso ata o mes de decembro, nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado. A segunda parte, que será sometida á consideración da dirección co fin de que a inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, recollerá as actividades previstas desde xaneiro ó final de curso e terá en conta a estimación económica que o equipo directivo estableza en base as previsións económicas do orzamento do ano seguinte.
- **23.** Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.
- **24.** Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. se realizan fóra de horario lectivo. En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ó dunha ensinanza oficial do currículo.  
Cando as actividades extraescolares sexan organizadas por entidades e deban realizarse dentro dos locais e instalacións do centro, haberá que respecta-la normativa reguladora da utilización destes locais e instalacións. Para a realización das ditas actividades é preceptiva a presentación por parte da entidade que as propoña dunha memoria descritiva que incluíra, entre outras, a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vaia desenvolver.  
A dirección e realización de actividades extraescolares de formación física, deportiva ou danza, en calquera das súas variantes, estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, de acordo coa súa normativa, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente. Igualmente, requírese a suficiente acreditación ou titulación para a realización doutras actividades cando así estea estipulado por unha norma legal ou regulamentaria.
- **25.** A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais/nais ou tutores sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ao alumnado que non participen nelas.

- **26.** Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro. Non obstante o anterior, os institutos poderán recibir aportacións de distintas institucións ou asociacións para a realización delas. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial.
- **55.** Ademais do xefe de departamento, que será nomeado de acordo co disposto no artigo 64 do Regulamento orgánico dos institutos de secundaria, formarán parte do departamento de actividades complementarias e extraescolares, se existe no instituto, o profesor encargado da biblioteca. Tamén se incorporarán, para cada actividade concreta, os profesores e alumnos responsables dela, segundo se establece no artigo 63 do citado Regulamento orgánico.
- **56.** O establecido nos puntos 49 e 50 destas instrucións será de aplicación ó departamento de actividades complementarias e extraescolares. As referencias ás programacións didácticas serán aplicables ó programa anual de actividades complementarias e extraescolares a que se refire o punto 21 destas instrucións.
- **66.** Os profesores sen titoría, unha vez cubertas as necesidades que estime de interese a dirección do instituto, que manifesten a súa intención de participar nelas poderán ser designados para organizar, en horario non lectivo, actividades deportivas, artísticas e culturais en xeral de carácter estable, que deberán estar recollidas no programa de actividades complementarias e extraescolares. Estes profesores colaborarán estreitamente co xefe do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- **80.** As restantes horas complementarias, ata completa-las trinta de dedicación ó instituto, seranlle computadas mensualmente a cada profesor polo xefe de estudos por:
  - ...
  - e) Actividades complementarias cos alumnos, non recollidas no seu horario semanal, e actividades extraescolares.

*Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).*

- Disposición **Final: 2ª Modificación L.O/1985 do tres de xullo reguladora do dereito á educación, modifícase nos seguintes termos o artigo 57.**

Corresponde ao consello escolar do centro, no marco dos principios establecidos nesta lei:

...

- h) Participar na aplicación da liña pedagóxica global do centro e emitir informe sobre as directrices para a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias, actividades extraescolares e servizos escolares.
- **Artigo 127:** Competencias do Consello Escolar:
  - b) Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- **Artigo 129:** Competencias do Claustro:
  - b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- **Artigo 132:** Son competencias do director:
  - b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro do profesorado e ao consello escolar.
  - m) Aprobar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

### PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES

- A **Programación Xeral Anual**, que será avaliada polo Consello Escolar ó inicio do ano académico, recolle o programa de actividades complementarias e extraescolares que se van realizar ó longo do curso.
  - Cada departamento encargárase de programar as actividades e incluílas dentro das súas respectivas programacións.
  - Ao mesmo tempo que entregan a súa programación, cada departamento entregará unha relación das actividades extraescolares/complementarias á Vicedirección, **antes do 30 de setembro**, para que sexa incluída na PXA, para a súa avaliación polo Consello Escolar.
  - As propostas de actividades que se eleven para a súa inclusión na PXA deben conter os seguintes datos:
    - Denominación específica da actividade.
    - Obxectivos.
    - Data/s, horario e lugar no que se desenvolverá.
    - Alumnado participante (cursos, grupos implicados).
    - Departamento ou profesorado responsable de dirixir e levar a cabo a actividade.
    - Custo e fórmulas de financiamento (achegas do alumnado participante, axudas de institucións locais, etc.).
    - Traballo para o alumnado que non asiste a actividade.
  - Tendo en conta as actividades propostas polos departamentos, a Vicedirección elaborará un **calendario de actividades**, primando a coordinación, a distribución homoxénea e evitando a realización simultánea de actividades ao longo do curso, que será presentado na CCP para o seu debate e aprobación, e posteriormente informar ao Consello Escolar ó inicio de curso.
  - Fóra deste calendario, cada departamento só poderá presentar un máximo de 1 actividade por nivel de ESO e Bacharelato, referidas a convocatorias que xurdan ó longo do curso.
  - As actividades que non se poidan contemplar na Programación Xeral Anual e que, por mor de diversas causas, non poidan ser avaliadas polo Consello Escolar, poderán ser aprobadas polo equipo directivo, que levantará acta e posteriormente informará ao Consello Escolar.
  - As datas das actividades que non quedaran fixadas no calendario de actividades deben ser comunicadas á Vicedirección tan pronto como se coñezan, indicando o número previsto de alumnado participante e as posibles datas. Así, a actividade, se é posible, será incluída na planificación xeral. De selo caso, Vicedirección o comunicará



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

nun prazo o máis breve posible para que se podan empezar os trámites e xestións pertinentes.

- Todas as actividades iniciarán os trámites e xestións (reservas, recollida de cartos, comunicación coas familias...) unha vez teñan confirmación de Vicedirección de estar xa recollidas na Programación Xeral Anual ou de estar previsto que se inclúa.
- A organización das actividades seguirán os prazos e normas detallados no apartado "Organización das actividades".
- Para aquelas actividades de aula que se programen fóra do recinto escolar será necesario que o profesorado correspondente recolla as autorizacións familiares do alumnado nas primeiras semanas do curso e informe destas a Vicedirección.

### TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

No que se refire á **temporalización** ó longo do curso, haberá unha limitación en canto ó número de actividades por trimestre:

- No caso de saídas que supoñan estar fóra do Centro toda a xornada lectiva procurarase que sexa como máximo **unha por trimestre** para cada grupo de alumnos.
- No caso de saídas que supoñan estar fóra do Centro varias xornadas, **unha por trimestre** como máximo para cada grupo de alumnos, agás casos excepcionais.
- No caso de actividades que ocupen só parte da xornada procurarase que sexan como máximo **dúas por trimestre** para cada grupo de alumnos.
- No terceiro trimestre as actividades complementarias deben levarse a cabo antes do 20 de maio. No caso de 2º de Bacharelato non se poderán realizar actividades complementarias despois do 30 de abril. Á marxe destas datas está a celebración da "Despedida do alumnado de 2º de Bacharelato", arredor do 25 de maio, e a "Mostra Atenea" que terá lugar en maio ou xuño. Tamén, de xeito moi excepcional, se pode realizar algunha outra.
- No ciclo de TSAAFD poderán realizarse ao longo do curso aquelas actividades que o Departamento de Educación Física considere necesarias.
- De xeito xeral, para a elección do momento para a realización da actividade se procurara entorpecer o menos posible os períodos de exames e avaliacións.

### ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- Os prazos para a preparación das actividades que supoñan a saída do recinto escolar serán:
  - Un mínimo de **3 semanas antes** da actividade o profesorado responsable poñerase en contacto coa Vicedirección para preparar a saída, cubrindo o *Documento de realización*



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

*da actividade* (no que se indicarán os datos da viaxe). No caso de actividades de varios días, este documento deberá cubrirse e entregarse cun **mínimo de 4 semanas antes** da data da actividade.

- Un mínimo de **2 semanas antes** da data da actividade o profesorado do departamento informará ó alumnado, para o que:
  1. Cubrirá o documento *Autorización para participar nunha actividade complementaria/extraescolar*, imprimindo e repartíndolle unha copia a cada alumno/a do grupo e entregando outra en Vicedirección.
  2. Explicaralle ó alumnado todos os datos da actividade, facendo especial fincapé no prazo de entrega da autorización, prezo da saída e as condicións que deben cumprir para participar.
  3. Un mínimo de **3 días antes** da realización da actividade o/a profesor/a responsable entregará na Vicedirección copia da listaxe do alumnado inscrito na actividade, as autorizacións e o diñeiro do transporte se é o caso.
- Toda comunicación por escrito coas familias que se realice dentro do traballo organizativo dunha actividade levará o membrete do centro e será coñecido pola Dirección antes da súa emisión, quedando copia en Vicedirección.
- As reunións co alumnado ou con pais e nais para a planificación da actividade serán convocadas de xeito coordinado co profesorado que a organice e o equipo directivo para consensuar lugar, data e hora da mesmas.
- A ratio mínima entre profesores e alumnos será de 1/20 para toda actividade realizada fóra do Centro. En función da complexidade da mesma esta proporción poderase modificar.
- Para as saídas de máis dun día asistirán como mínimo dous profesores, no caso de participar na actividade alumnado con necesidades especiais aumentarase o número de profesorado acompañante.
- O alumnado mínimo para que se poida levar a cabo a actividade dun grupo será superior ó 75% do alumnado con asistencia regular a clase.
- Cando se trate dunha actividade na que participen alumnos e alumnas de diferentes grupos e niveis, non se terán en conta as porcentaxes anteriores.
- Os profesores acompañantes percibirán dietas sempre que a duración da actividade sexa superior á xornada lectiva. O importe das mesmas se especifica no apartado "Financiamento das actividades".
- Ao profesorado acompañante se lle proporcionará un móbil para facilitar durante a actividade a comunicación co alumnado participante e co propio centro.





## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

### ORGANIZACIÓN DO CENTRO DURANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- A Vicedirección, unha vez que o profesorado organizador da actividade lle proporcione tódolos datos, publicará no taboleiro correspondente da sala do profesorado e enviará por correo electrónico a todo o profesorado a data de saída, a listaxe do alumnado participante e do profesorado, e en colaboración ca Xefatura de Estudos organizará as gardas, nas que colaborará o profesorado que fiquen sen clase.
- O profesorado participante na actividade deberá apuntarse previamente no libro de gardas e deixará as instrucións e o traballo a realizar polos seus alumnos/as na súa ausencia.
- O profesorado que por mor dunha actividade non teña alumnado no seu horario cumprirá este apoiando as gardas.
- O alumnado terá a obriga de participar en todas as actividades complementarias que se desenvolven no centro e non supoñan un custo adicional. Noutro caso, os alumnos que non queiran ou non poidan participar nunha determinada actividade complementaria quedarán na súa aula co profesor correspondente.
- Se suspenderán as clases durante a realización de actividades que afecten á totalidade do centro. Xefatura de Estudos e Vicedirección informará da planificación da xornada.
- O alumnado que non participe na actividade deberá permanecer na súa aula. A falta de asistencia á clase deberá xustificarse como en calquera día lectivo.

### NORMAS DE CONVIVENCIA NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- As normas nas actividades extraescolares/complementarias serán as mesmas que as que se aplican no centro. É dicir, nas actividades extraescolares segue rexendo o NOFC, e o seu cumprimento é tan importante como no propio centro.
- O profesorado acompañante establecerá normas específicas durante a actividade ou saída, co obxecto de facilitar a organización da mesma, garantir o cumprimento de horarios e manter a disciplina e as boas formas.
- O profesorado acompañante notificará ó Equipo Directivo calquera incidencia que considere grave que se produza durante o desenvolvemento da actividade e que requira que a Dirección tome algunha medida unha vez finalizada a actividade.
- No caso de actividades de máis de dous días de duración cando un comportamento dun alumno/a considerado como **excepcionalmente grave** fose comunicado á Dirección esta poderá acordar a supresión definitiva da participación na viaxe do devandito/a alumno/a



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

comunicándollo ás familias. A Dirección acordará con elas a maneira en que se realizará o regreso anticipado do seu fillo/a, para que se encarguen de recollelo no aeroporto, estación do tren ou de autobuses máis próxima e facéndose cargo de tódolos gastos de transporte. O alumno ou alumna retornado en calquera caso sempre viaxará acompañado, ben sexa dun familiar ou dun membro do Claustro. Os custes da viaxe deste acompañante correrán tamén por conta da familia.

### SELECCIÓN DO ALUMNADO E PROFESORADO

- Como criterio xeral, as actividades irán dirixidas a grupos concretos e procurarase que nelas participe a totalidade do grupo.
- Nas actividades extraescolares, o número mínimo de participantes será establecido pola Vicedirección e os organizadores en cada caso particular.
- Nas actividades con límite de prazas que impida a participación da totalidade do alumnado farase segundo os criterios pedagóxicos, académicos e disciplinarios, do mesmo xeito que para aquelas actividades con prazas sobrantes que se poidan cubrir con alumnado doutros grupos.
- O alumnado participante estará matriculado no centro no ano académico no que se desenvolve a actividade, agás o alumnado doutros centros cando se trate de actividades organizadas conxuntamente con estes. Ese alumnado ten que ir necesariamente acompañado dos seus respectivos profesores ou profesoras.
- Na selección do profesorado acompañante participará o departamento/profesorado organizador e o Equipo Directivo en base ós seguintes criterios:
  - Profesorado que organice, planifique e coordine a actividade.
  - Profesorado do departamento/ciclo que organice, planifique e coordine a actividade.
  - Profesorado con menor perda de horas lectivas que imparta clase nos grupos participantes na actividade.
  - Profesorado que se ofrezca voluntariamente a acompañar e que participara en menos actividades extraescolares ao longo do mesmo curso.
- De maneira xeral, nas saídas do centro o alumnado viaxará unicamente acompañado por membros do Claustro. Excepcionalmente se unha persoa allea a este (membro da ANPA e/ou pai ou nai) tivera que participar deberá ser informado o Consello Escolar e aprobado por Dirección previa comunicación a Inspección.



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

### FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES

- Para o financiamento dos gastos ocasionados pola realización das actividades o Centro empregará os seguintes **medios para obter os recursos económicos necesarios**:
  - Unha parte da dotación económica que o Centro percibe da Consellería de Educación.
  - As cantidades procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que poidan asignárselles aos centros con carácter específico para estas actividades.
  - As cantidades procedentes de asociacións ou calquera ente público ou privado.
  - As achegas realizadas polo alumnado. Cando un alumno/a realice unha achega para unha determinada actividade complementaria e posteriormente por un motivo xustifico (enfermidade ...) non poida participar na mesma, sempre que sexa posible, devolveránselle os cartos. Non se fará dita devolución de non existir un motivo razoablemente xustifico. As recadacións das vendas que estean organizadas polo centro, non se devolverán.
- **DIETAS**

Dado que a participación neste tipo de actividades é sempre voluntaria, e ningún profesor/a está obrigado/a a realízalas se non mostra esa voluntariedade, en atribución das competencias atribuídas ó centro en materia de xestión económica, as cantidades que terá dereito a percibir o profesorado acompañante nas actividades serán exclusivamente as que se indican a continuación.

Do mesmo xeito, procurarase que tanto os xantares como as ceas vaian tamén, na medida do posible, incluídos na propia viaxe, de forma que esta supoña un gasto menor ou nulo en dietas, o que poderá redundar nunha maior realización de actividades ó longo do curso ou nunhas axudas maiores a aquel alumnado que poida ter problemas económicos.

O Centro faise cargo, na medida en que a súa dispoñibilidade económica o permita, dos seguintes gastos:

- As dietas do profesorado en saídas dun día: no caso de ter que pagar unha comida a dieta ascenderá a 15 euros por cada profesor acompañante.
- As dietas do profesorado en viaxes de máis dun día: 15 euros para o xantar, 10 euros para a cea, no caso que non estean incluídas na viaxe, e seis euros diarios para gastos varios. Nas saídas ao estranxeiro as dietas quedan estipuladas así: 20 euros para o xantar, 15 euros para a cea, no caso de que non estean incluídas na viaxe, e 6 euros diarios de gastos varios.
- Os gastos ocasionados por outras actividades (conferencias, exposicións, premios, agasallos ...), sempre que se axusten ao presuposto das actividades.



## Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias

### **PÉRDA DO DEREITO A PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES:**

A non participación nas actividades extraescolares, temporal ou para todo o curso é unha das medidas correctoras incluída nas normas de organización e funcionamento do centro (NOFC).

Ademais dos alumnos e das alumnas obxecto desta medida correctora, poderán excluírse da participación nunha actividade e quedarán obrigados a permanecer nas súas aulas co profesorado que lle corresponda:

- Aquel alumnado que acumule tres ou máis partes de incidencia por mal comportamento, o 10% das faltas de asistencia ao centro sen xustificar desde o inicio do curso ou que teña cometido algunha falta grave, se así o consideran os organizadores da actividade xunto co Equipo Directivo.
- Se así o consideran os organizadores da actividade, escoitado o titor, os alumnos que teñan un baixo interese nas materias ou o seu comportamento nas clases da mesma non sexa adecuado.